

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de novembro de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.00 horas do día 21 de novembro de 2019, reúnese a comisión informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Elvira Lama Fernández

Deputado de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de outubro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 17 de outubro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA PARA A DEFENSA DA IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS PARELLAS DE FEITO E OS MATRIMONIOS NO ACCESO Á PENSIÓN DE VIUEZ.-

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, expón o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que, en principio, se mostra conforme co contido da moción, polo terá o seu apoio.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, indica que, en principio tamén está de acordo co contido da moción e, sen prexuízo dun estudo máis detallado, a vontade do seu grupo é apoiala.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que estudarán con detalle o contido da moción, polo que reservarán o voto para o Pleno.

A **presidenta da comisión** indica que igualmente estudarán con detalla a moción presentada, pero, en principio, de mostran partidarios de apoiala.

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar ao Goberno de España á modificación dos correspondentes preceptos do Real decreto lexislativo 8/2015 e de todas aquelas normas relacionadas con el, para equiparar os dereitos no acceso á pensión de viuvez das parellas de feito co dos matrimonios civís.

2º.- Instar ao Goberno de España para que no prazo máximo dun ano, aprobe un proxecto de lei de parellas de feito polo que se incorpore no Código Civil unha regulación do réxime da parella de feito aplicable en todo o territorio nacional, así como incorporar as modificacións oportunas noutras normas para evitar calquera tipo de discriminación xurídica das parellas de feito fronte os matrimonios por razón do seu estado civil ou da natureza ou formalidade da súa relación de convivencia, cando concorran o resto de requisitos que se establezan en cada caso.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SITUACIÓN DO HOSPITAL COMARCAL DE VALDEORRAS E A SANIDADE NO RURAL DA PROVINCIA DE OURENSE.-

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, indica que na vindeira semana intentará coñecer a realidade do reflectido na moción, cunha visita persoal ao Hospital de Valdeorras, onde ten previsto reunirse coa xerencia e coa representación dos traballadores para fundamentar a decisión que adopte o seu grupo no Pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, lembra que no recente Pleno do debate do estado da provincia o BNG presentou unha proposta sobre a mellora da atención primaria, que cre que foi aprobada por erro do grupo de goberno. Indica que o seu grupo fai fincapé na atención primaria, xa que esta debe ser o parapeto para evitar colapsos de urxencias hospitalarias e a atención primaria está sendo maltratada pola actual Consellería de Sanidade. Entende que hai comarcas como a de Valdeorras que unen a esta situación a súa localización xeográfica e fai que moitos profesionais mostren reticencia a acceder a postos dos que existen menos dotacións que noutras áreas xeográficas. Non obstante, entende que todo o que se reclama é unha mellora na sanidade pública para a provincia e en concreto para a Comarca de Valdeorras, polo que vai apoiar a moción.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, di que procederá a conseguir información para pronunciarse no Pleno sobre a moción.

A **presidenta da comisión** indica que o seu grupo reserva o voto para o Pleno a expensas de conseguir información sobre o indicado na moción.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, lembra que o Decreto 168/2010, establece como obxectivos da sanidade pública centrar a súa atención nos pacientes e garantir a equidade, accesibilidade, continuidade, calidade e seguridade da atención, que a Comarca de Valdeorras leva varios anos sufrindo o desmantelamento de certos servizos sanitarios, lo que unido ao período do tempo de resposta pola súa localización xeográfica obrigan a insistir na mellora dos servizos sanitarios desa comarca e, en concreto , do Hospital Comarcal.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar ao conselleiro de Sanidade a que tome as medidas urxentes necesarias para que o Hospital Comarcal de Valdeorras volva ser un hospital resolutivo, cos servizos, dotación de persoal e dotación material necesarios para garantirlle á poboación a equidade, a accesibilidade, a continuidade, a calidade e a seguridade da atención hospitalaria que merece.

2º.- Instar ao conselleiro de Sanidade a que tome as medidas urxentes necesarias para dotar aos centros de atención primaria cos recursos humanos e cos medios materiais que se precisen para acadar unha atención de calidade e de proximidade.

4º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á EMIGRACIÓN.-

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que na mañá do día da data presentou un escrito no que propuña a retirada da dita moción, O motivo é que o único representante do grupo do BNG non ten previsto acudir á sesión plenaria do día 29, xa que coincide coa asemblea xeral da FEGAMP, na que ademais exercerá a representación doutros concellos.

Os membros da comisión danse por informados e non se procede ao debate nin a votación da dita moción.

5º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A presidenta da comisión indica que se atopaba pendente para esta comisión a remisión dun informe relativo ás axudas do programa Chegou, estruturado polos diferentes concellos da provincia, se ben debido aos problemas informáticos nos últimos días non se

puido finalizar a súa elaboración. Engade que tan pronto se finalice a elaboración dese informe se lle entregará ao Grupo Socialista, que é o que o solicitou.

E, ás 17.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.